

CAMPO A TRAVÉS – 2ª XORNADA LOCAL PARQUE DEPORTIVO DE ACEA DA MA (CULLEREDO) – 12/01/2013

ORGANIZAN: Secretaría Xeral para o Deporte, a Federación Galega de Atletismo, e a A.D. Coruña-Comarca

PARTICIPANTES

No campo a través poderán participar todos os clubs, centros de ensino, asociacións, ANPAS etc. que cumpran os requisitos da inscrición no programa XOGADE.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2005-2004 masculino e feminino.

ALEVÍN.....: nados nos anos 2003-2002 masculino e feminino.

INFANTIL....: nados nos anos 2001-2000 masculino e feminino.

CADETE.....: nados nos anos 1999-1998 masculino e feminino.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.
- Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.
- Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

SISTEMA DE COMPETICIÓN 2ª XORNADA

Cada centro, club ou entidade deportiva poderá participar nesta segunda fase co número de equipos que o desexen en cada categoría, sempre que a súa nomenclatura os diferencie.

Cada entidade deberá participar na súa zona correspondente, agás en casos excepcionais nos que a participación sexa tan escasa que, a petición das propias entidades, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá reorganizar as propias zonas previa proposta do Servizo de Deporte correspondente.

Todos os participantes, e adestradores, terán que estar de alta na aplicación informática do programa Xogade, na modalidade de Campo a Través.

LUGAR E DATA

Parque Deportivo de Acea de Ma (Culleredo), o 12 de xaneiro de 2013

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas participantes nesta 2ª Xornada de Campo a Través Escolar, farase antes do mércores 9 de xaneiro do 2013, utilizando a folia de inscrición, que se inclúe nesta normativa, que deberán enviar ben por correo electrónico a deportes.coruna@xunta.es e direcciontecnica@fgatletismo.com, ou tamén pódese facer a inscrición a través do sistema on-line da Federación galega de Atletismo www.atletismogalego.org

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/ as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual. Segundo a orde de entrada na meta.
- Por equipos. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

Para o Campionato Intercomarcal clasificaranse os dous mellores equipos e os/as oito primeiros/as atletas de cada categoría, desta 2ª xornada, que non se clasificaran na 1ª xornada, así como os das fases de As Mariñas e Bergantiños.

DATAS PRÓXIMAS XORNADAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN PREVISTAS

Proba As Mariñas.....: Mércores 16 de xaneiro/2013 en Os Campóns (Cambre)
Proba Carballo.....: Venres 18 de Xaneiro/2013 na Zona Industrial de Carballo (confirmarase día)
Fase Intercomarcal.....: Sábado 26 de Xaneiro/2013 (confirmarase lugar)
Fase Provincial.....: Sábado 2 de febreiro/2013 en Acea da Ma (Culleredo)
Fase Galega.....: Sábado 16 de febreiro/2013
Campionato de España.....: data prevista a 1ª ou 2ª semana de marzo/2013

VESTIARIOS


Estarán a disposición de todos os participantes debidamente sinalizados, os vestiarios dentro das instalacións do Parque Deportivo de Acea da Ma (Culleredo)

SECRETARÍA

A secretaria para a recollida dos dorsáis, estará situada na entrada dos vestiarios

CIRCUITO 2ª XORNADA CAMPO A TRAVÉS ESCOLAR. Sábado 12 de xaneiro do 2013.

Parque Deportivo de Acea da Ma (Culleredo)



HORARIO DAS PROBAS 2ª XORNADA

A retirada de dorsais poderán facela dende as 10:30 horas, ou unha hora antes do comezo das probas

Hora	Categoría	Distancia aprox.	Voltas
11.00	Benxamín fem.	500 m	Saída adiantada + 1 volta B ó paso por meta
11.10	Benxamín mas.	500 m	Saída adiantada + 1 volta B ó paso por meta
11.20	Alevín fem.	600 m	Saída + 1 volta B ó paso por meta
11.30	Alevín mas.	800 m	Saída adiantada + 2 voltas B ó paso por meta
11.45	Infantil fem.	800 m	Saída adiantada + 2 voltas B ó paso por meta
12.00	Infantil mas.	1.200 m	Saída + 1 volta A ó paso por meta
12.15	Cadete fem.	1.200 m	Saída + 1 volta A ó paso por meta
12.35	Cadete mas.	2.500 m	Saída + 1 volta B e 2 voltas A ó paso por meta

Volta B: distancia aproximada 400m.

Volta A: distancia aproximada 1.000m.

Saída ata paso por meta: distancia aproximada 200m.

Saída adiantada ata paso por meta: distancia aproximada 100m.

Saída adiantada: 100m máis adiante da saída oficial

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: www.atletismogalego.org, e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte ”deporte.xunta.es”.